

A toponimia e historia do Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Samos (Lugo). A información do Tombo do mosteiro de Samos

José Carlos Sánchez Pardo
Universidade de Santiago de Compostela
ORCID: 0000-0003-2899-4951

Marcos Fernández Ferreiro
Universidade de Santiago de Compostela
ORCID: 0000-0002-9118-3468

Resumo: Este traballo pretende salientar o potencial que ten o estudo conxunto e interrelacionado da toponimia galega coa documentación altomedieval para extraer datos de interese tanto para a historiografía coma a filoloxía, mediante a análise concreta dunha zona do Camiño Francés ao seu paso polo actual concello de Samos. Para iso basearémonos na rica documentación do Tombo do mosteiro de Samos, que achega as referencias históricas e toponímicas escritas máis antigas sobre sete localidades polas que transcorre o devandito camiño, e cuxa evolución estivo estreitamente vinculada á expansión do patrimonio do poderoso cenobio de San Xulián de Samos.

Abstract: This work aims to emphasize the potential of the joint and interrelated study of Galician toponymy with early medieval documentation in order to extract data of interest to both historians and philologists, through the specific analysis of an area of the French Way as it passes through the current municipality of Samos. For this purpose, reference will be made to the extensive documentation from the archives of Samos Monastery Tomb, which provides the oldest written historical and toponymic references on seven localities through which this route runs, and whose evolution was closely linked to the expansion of the heritage of the powerful monastery of San Xulián de Samos.

Palabras chave: Samos, Idade Media, Tombo de Samos, mosteiro, toponimia.

Key words: Samos, Middle Age, Tomb of Samos, monastery, toponymy.

INTRODUCCIÓN

Nesta contribución pretendemos mostrar a importancia do estudo conxunto e interrelacionado da toponimia coa documentación medieval para extraer datos de interese tanto para os historiadores como para os filólogos. E farémolo mediante unha zona de estudo moi vinculada ao Camiño de Santiago, como é o tramo do camiño francés ao seu paso polo actual concello de Samos (Lugo). Para iso basearémonos na rica documentación do Tombo do mosteiro de Samos, seguindo principalmente a edición de Manuel Lucas Álvarez (Lucas 1986).¹ Esta colección diplomática achega as referencias históricas e toponímicas escritas máis antigas sobre unha serie de localidades polas que transcorre, tamén desde a Idade Media, o camiño de Santiago e que, como veremos, están estreitamente vinculadas á expansión do poderoso cenobio de San Xulián de Samos.

Como é sabido, o chamado Tombo de Samos é un cartulario que recopila 248 documentos dos séculos VIII ao XII que custodiaban no seu arquivo os monxes deste mosteiro ao redor do ano 1200, cando deciden copialos e transcribilos no devandito cartulario. Isto implica que, excepto algúns escasos orixinais conservados, só coñecemos a maioría deses documentos alto e plenomedievais a través da copia realizada a inicios do século XIII. Isto é importante, xa que en certos casos parece moi probable que os copistas traducisen ou actualizasen á lingua do seu momento os topónimos que ían atopando naqueles antigos documentos hoxe desaparecidos.

Realizada esta advertencia, comezaremos o noso estudo das referencias toponímicas e a información histórica asociada ás mesmas no Tombo de Samos dun total de sete lugares, na súa meirande parte parroquias, polos que discorre o Camiño Francés de Santiago na súa variante por Samos. Seguiremos o curso do camiño de leste a oeste, comezando en primeiro lugar por San Cristovo do Real.

1 Neste traballo utilizaremos a abreviatura TS para referirnos a esta edición de Manuel Lucas Álvarez do Tombo de Samos. Deste modo abreviaremos os distintos documentos con TS seguido do número de documento desta devandita edición.

SAN CRISTOVO DO REAL

O documento 175 do Tombo de Samos describe a doazón que no ano 973 fixo un home chamado Mendo Díaz ao mosteiro de Samos. Esa doazón incluía ata once *villae*² da súa propiedade en diversos lugares, relativamente distantes entre si: o territorio do Mao, nos vales e ribeiras dos ríos Cabe, Sarria, Lóuzara e Lor, así como tamén en terras bercianas. Deste xeito, na ribeira do Sarria incluíu dúas desas *villae*, unha delas baixo a autoridade/dependencia da igrexa de San Cristovo e a outra baixo a igrexa de Santiago: “V^a ad sanctum Christoforum ripa Sarrie; VI^a in ipsa ripa Sarrie ubi dicunt vila Nova subtus ecclesie sancti Iacobi” (TS 175).

Respecto á súa identificación, aínda que en ocasións os documentos do cartulario de Samos xeran certas dúbidas sobre se se refiren á desaparecida igrexa de San Cristovo de Gorolfé, neste caso posiblemente falemos da igrexa parroquial de San Cristovo do Real, pois esa parece ser a igrexa de San Cristovo na ribeira do río Sarria. En efecto, na confirmación dos dereitos de Samos sobre todas as igrexas dependentes do cenobio, efectuada polo papa Alexandre III no ano 1175, e no cal a relación de igrexas seguía claramente unha orde xeográfica, incluíronse nesta zona, é dicir, “in rivo de Sarria”, tres freguesías consecutivas, unha dedicada a San Cristovo, outra a San Martiño e outra a “Sancti Iacobi de Rainhe” (*vide* TS 53). Esta última é sen dúbida a igrexa de Santiago de Renche e, a ambos os dous lados da mesma sitúanse na actualidade as parroquias de San Cristovo e de San Martiño do Real, respectivamente. Polo tanto, como dicimos, todo parece apuntar a que a igrexa que recibía a denominación de San Cristovo “in ripa Sarrie” debía ser a parroquial actual de Real (ver tamén TS 49, do ano 1195, onde, na resolución do preito entre Samos e a diocese lucense pola autoridade sobre as igrexas parroquiais, volve repetirse a listaxe de maneira ordenada).

En todo caso, a primeira vez que temos constancia documental plenamente fiable da igrexa de San Cristovo do Real é na noticia de Samos das cantidades cobradas por razón do “voto de Santiago” dentro dos termos da xurisdición ou “circuitu” de Samos. Aínda que a escritura non vén datada, todo apunta á prelatura de Fromarico (1074-1091) para o momento da súa redacción, pois

2 Como veremos, o termo *villa* na documentación alto e plenomedieval galega fai referencia tanto a unha aldea no seu conxunto coma a unha parte da mesma (unhas terras, unhas propiedades, parte dun casal, etc). Sobre este tema, consúltese por exemplo, o traballo de Pallares e Portela (1998).

faise mención a todos os seus inmediatos predecesores no cargo desde os tempos de Mandino, indicando que ao morrer Alfonso V (ano 1028)³ realizouse a pescuda sobre as cantidades do Voto que correspondían e que se pagaban desde os tempos do devandito Mandino, que se manterían cos abades Diego, Brándila e Auderico (López Alsina 2013, pp. 182-183, n. 207). A “Sancti Christofori” correspondíalle o pago dun lenzo. Sabemos que se trataba de San Cristovo do Real porque, a seguir, inclúese Santiago de Renche (“Ralinchi”) e San Martiño de Sarria, secuencia exacta e sucesiva de igrexas río abaixo polo leito do Sarria-Oribio ata o mosteiro de Samos mesmo.

A seguinte mención desta mesma igrexa prodúcese xa un século despois, na confirmación da súa posesión que realizou para os monxes de Samos o papa Alexandre III, por medio dunha bula no ano 1175. Nela relacionábanse “in rivo de Sarria” de novo as tres freguesías consecutivas: unha dedicada a San Cristovo, outra chamada Santiago “de Rainhe” e outra máis coa advocación de San Martiño. A repetición da mesma secuencia exacta apunta claramente a que esa zona de “rivo de Sarria” tiña que ser a das parroquias de Renche e ambas as freguesías do Real, ambas en Samos e, de feito, a nómina pontifical continuaba despois con outras igrexas veciñas, tamén do couto de Samos e no val do mesmo río, pero situándoas “ex alia parte rivi”. Así mesmo, cabe indicar que, etimoloxicamente, parece que “Real” proviría de río ou de ribeira (Díaz Fuentes 1998, p. 175), sen ter nada que ver co adxectivo derivado de “rei”, o que apoia tamén que en tempos altomedievais fosen denominadas como igrexas do río Sarria.

Vinte anos despois da bula papal, en 1195, ten lugar a resolución dun preito duradeiro (ver TS 048 e 050, dos anos 1145 e 1150, pero que habería de continuar mesmo ata o século XVII) a respecto das pretensións do bispo e cóengos da catedral de Lugo, sobre as igrexas do couto de Samos. Nesa data, ambas as partes asinaron un acordo ou avinza tras a mediación como xuíz do arcebispo de Braga, don Martiño, por delegación do cardeal diácono de Sant’Angelo, Gregorio, legado da Santa Sé. Polo mesmo, Samos outorgou a Lugo dúas igrexas con seis servicialías cada unha, a de Santo Estevo de Eirexalba no Incio e San Salvador da Pinza en Sarria mentres, a cambio, a sede episcopal recoñecía o dominio de Samos sobre o resto das parroquias do seu couto, que eran citadas nunha nómina de aproximadamente cinco decenas, á vez que o bispo lle

3 Aquí o copista tivo que engadir erroneamente un pequeno trazo á X aumentando exactamente en 30 anos a data real.

outorgaba ao abade de Samos a dignidade de arcediago lucense, confirmándolle así a dita facultade de control sobre as igrexas da súa xurisdición e obrigándoo tamén a acudir ao sínodo diocesano sempre que fose convocado. Pois ben, unha das igrexas que Lugo recoñecía como de autoridade do abade e monxes de Samos foi, efectivamente, a de “Sancti Christophori de Riu de Sarria”.

RENCHÉ

Seguindo cara ao oeste atopamos a localidade de Renche. Nunha escritura sen data do Tombo de Samos (TS 244) nárrese a historia familiar dunha igrexa dedicada a Santiago, situada na “villa” de Pompeianus, que estaría situada ao pé do río Sarria e do monte Oribio. O relato introdúcese por boca do seu presbítero, Suniemi, quen relata como fora fundada polos seus antepasados, sempre baixo o patrocinio e titoría dos monxes de Samos. Os devanditos fundadores non só edificarían o templo, senón que lle outorgaron tamén os seus *dextros* de 72 pasos ao redor da mesma como mandaban os canons, engadiron 12 pasos para o seu uso como cemiterio, construíron casas, plantaron maceiras e outras árbores e outorgáronlle tamén outras terras. Co paso do tempo, o reitorado da devandita igrexa chegou a mans do presbítero Suniemi, descendente daqueles, quen a tivo e gobernou durante moitos anos pero que, agora, xa ancián, sentindo que os seus días serían xa poucos máis, e carecendo dun descendente da súa estirpe digno de recibir tal cargo, decide doarlla definitivamente aos monxes de Samos. E decretao por esta mesma escritura, entregándolles todo o que pertencía a aquela devandita igrexa, pero solicitando tamén aos receptores que establecesen en Santiago de Pompeianus unha comunidade monástica e que aceptasen nela a todos aqueles parentes do propio Suniemi (“de nostra gente”) que quixesen ingresar na doutrina ou converterse en confesos do devandito templo.

Non parece haber dúbidas de que a igrexa de Santiago de Pompeianus se correspondería coa parroquial actual de Santiago de Renche, situada na ribeira do Sarria, ao pé dos montes do Oribio, no termo municipal de Samos.

Como dicimos, lamentablemente o documento carece de data e tampouco indica cal era o abade de Samos por aquel tempo. Tal vez o copista esquecese o escatocolo (pois carece del) ao ter que pasar do folio 86v ao 87r, polo que non podemos saber cando a igrexa foi doada a Samos, nin tampouco facer unha

estimación do momento en que sería fundada. Con todo, só pola cantidade de antepasados (“avii”) citados polo propio Suniemi, todo apunta cara a unha fundación temperá. De feito, xa no ano 1003 recibía o nome actual, baixo a forma “Sancto Iacobo de Raniscli”, ao mencionarse un individuo orixinario de alí (TS 112), así como cando en tempos do abade Fromarico, como xa explicamos, a finais do século XI, se rexistraba a noticia e inventario das cantidades para pagar na xurisdición de Samos (“circuitu samanensi”) polo “Voto de Santiago”, indicando que a “sancti Iacobi de Ralinchi” lle correspondía un lenzo. En consecuencia, parece claro que a vila de Pompeianus xa cambiara de nome cara ao ano 1000, o que convida a confirmar a idea dunha fundación temperá, e mesmo que a propia doazón de Suniemi puido producirse xa no século X, por canto aínda nela se lle outorgaba a súa antiga denominación.

No ano 1175, a igrexa de Santiago “de Rainhe”, á que se situaba “in rivo de Sarria”, era confirmada como posesión de Samos polo papa Alexandre III na bula que outorgou ao mosteiro e ao seu abade por aquel entón, Rodrigo Fernández (Arias 1992, pp. 143-145).

Por último, volvendo ao documento mencionado anteriormente, da doazón de Mendo Díaz a favor do mosteiro de Samos no ano 973, atopamos unha referencia a unha aldea que podería estar moi preto de Santiago de Renche. En efecto, nese documento mencionase unha vila baixo a autoridade/dependencia dunha igrexa de Santiago no río Sarria: “V^a ad sanctum Christoforum ripa Sarrie; VI^a in ipsa ripa Sarrie ubi dicunt vila Nova subtus ecclesie sancti Iacobi” (TS 175). Non puídemos identificar ese lugar de Vilanova na ribeira do Sarria: hai dous topónimos próximos, un en Santa María de Vilar de Sarria e outro en San Vicenzo de Froián, pero ningún destes Vilanova parece corresponderse co que buscamos, pois o de Froián non se sitúa xunto ao curso do Sarria e o de Vilar de Sarria non está a carón de ningunha igrexa de Santiago. Respecto á advocación, na ribeira do Sarria son varias as freguesías dedicadas a Santiago, seguramente en estreita relación co transcurso do Camiño Francés. Son as seguintes, seguindo o curso do río desde o seu nacemento ata a súa desembocadura no Neira: Triacastela, Renche, Estraxiz, Castelo dos Infantes, Farbán e A Veiga.

Con estes datos é difícil localizar de cal se trata. Por un criterio de proximidade coas dúas posibilidades que tiñamos para San Cristovo, é dicir, Real e Gorolfe, e pensando que as propiedades de Mendo Díaz poderían estar próximas entre si, é probable que sexa Santiago de Renche, por ser veciña da nosa

identificación en San Cristovo do Real (veciña ademais río abaixo, o que apoia tamén que se mencionase a seguir daquela).

SAN MARTIÑO DO REAL

A primeira vez que temos constancia documental datable da igrexa de San Martiño do Real parece ser na súa inclusión na noticia no tomo das cantidades cobradas por razón do “voto de Santiago” dentro dos termos da xurisdición de Samos. Como xa explicamos, podemos datar este documento durante a prelatura de Fromarico (1074-1091). Neste texto dise que a “Sancto Martino de Sarria” correspondíalle o pago dun lenzo. Pois ben, sabemos que se trataba de San Martiño do Real porque, inmediatamente antes, incluíase a Santiago de Renche (“Ralinchi”) e a San Cristovo, secuencia exacta e sucesiva de igrexas río abaixo polo leito do Sarria-Oribio ata o mosteiro de Samos mesmo.

A segunda mención datable desta mesma igrexa prodúcese xa un século despois, na xa citada bula do papa Alexandre III no ano 1175. Nela relacionábase “in rivo de Sarria” de novo as tres freguesías consecutivas: unha dedicada a San Cristovo, outra chamada Santiago “de Rainhe” e outra coa advocación de San Martiño. Como xa explicamos previamente, a repetición da mesma secuencia exacta apunta claramente a que esa zona de “rivo de Sarria” tiña que ser a das parroquias de Renche e ambas as freguesías do Real, no actual concello de Samos.

Que non teñamos noticia desta igrexa con anterioridade podería resultar rechamante, tendo en conta que se trata dunha parroquia do propio termo municipal de Samos e inmediata ao mosteiro mesmo (a distancia en liña recta non chega sequera a 1 km). Con todo, a causa de tal omisión posiblemente estribe, precisamente, no feito de que debeu de pertencer a Samos de xeito moi temperán ao encadrarse dentro do couto privilexiado, posiblemente xa mesmo dentro do primitivo de milla e media concedido polo rei Froila I a mediados do século VIII (López Salas 2017, pp. 20-22). É dicir, se o templo xa existía por aquel tempo, sería encadrado baixo a autoridade e dominio do mosteiro desde moi cedo; e, se non existía, probablemente fose pola propia iniciativa dos monxes, ou polo menos baixo a súa dirección, como se levaría a cabo a súa edificación. Sexa como for, como dicimos, carecemos doutras probas documentais.

A seguinte das ocasións en que “Sancto Martino de Sarria” se cita no Tombo de Samos é nun inventario polo que se rexistraban ás persoas que debían pagar tributos a Samos en lenzos en diversos lugares. Pois ben, esta escritura remataba cunha noticia ou listaxe dos cóbados (“cubitos”) de “manteis” que o mosteiro tiña dereito a recibir en nove lugares, un dos cales era precisamente este que agora rexistramos. Como dicimos, o documento carece de data, e dous dos sitios citados non deberon integrarse no patrimonio de Samos polo menos ata a primeira metade do século XI (durante a prelatura de don Diego), o que nos indica un momento *post quem* para a redacción, sostendo así López Alsina (1993, p. 183) que posiblemente se debeu elaborar cara ao último terzo desa mesma centuria. A inclusión de San Martiño do Real (entre outras) nesta listaxe de rendas en lenzos podería ser, para o mesmo López Alsina, unha evidencia de que a relación de Samos cos devanditos territorios tería que ser bastante temperá. Así mesmo, entre os propios *lenzarios*, é dicir, entre os individuos inventariados que debían pagar esa citada renda en lenzos (“tributa lenzalia”) ao mosteiro de Samos, en cantidade dun lenzo cada un anualmente, contábase a unha decena máis que xunto coa vila doutro individuo eran identificados xeograficamente como “de río de Sarria”. En base á mencionada referencia final aos cóbados que correspondían a San Martiño, interpretamos que se trataría de fregueses deste lugar, aínda que é certo que con tal descrición se podería tratar perfectamente tamén de habitantes de Renche ou de San Cristovo do Real, pois, como sabemos, eran lugares tamén situados “in rivo de Sarria”. A mesma dúbida xorde cos nove lenceiros de “Vilar”, pois esta podería ser perfectamente a aldea de Vilar do Real desta mesma parroquia de San Martiño, pero tampouco podemos sabelo con total certeza.

Unha última mención a San Martiño do Real atopámola no xa citado documento de 1195 no que se resolvía o preito co bispo de Lugo sobre as igrexas do coto de Samos. Neste texto, unha das igrexas que Lugo recoñecía como de autoridade do abade e monxes de Samos era, efectivamente, a de “Sancti Martini de Sarria” (TS 49).

PASCAIS

No ano 1098, Pedro García decidía doarlle a Samos e ao seu abade Froilán a metade da súa igrexa propia e “vila” de “Sancta Maria de Sonniti”, é dicir, Suñide, xunto ás súas dependencias, así como outras herdades dispersas pola zona (TS 140). Todo para remedio da súa alma e da dos seus pais, García Núñez e dona Guntiña. Polo que respecta ás herdades que engadía, unha delas situábase “in Pascasi”. É dicir, en Pascais, parroquia de Samos dedicada a Santa Alla (do grego *Eulalia*), veciña da Suñide polo leste.

Anos máis tarde, en 1125, o abade Pedro [II] Fróilaz de Samos realiza un extenso inventario das herdades e bens por el acrecentados para o mosteiro de Samos durante a súa prelatura, situados tanto no couto de Samos coma en Sarria e outros lugares (TS 54). Entre os bens situados dentro do couto do mosteiro rexistrábase unha vila, situada “in Pascasi”, que dicía ser doada por un individuo chamado Diego Frosínez, en razón de que o abade permitiu a súa acollida no mosteiro. Deste xeito, ata o día da súa morte, Diego Frosínez habitaría no cenobio de Samos, especificando ademais o abade que o faría coa mesma ración de comida que correspondía a cada monxe. O diploma que rexistraba a doazón de Diego non foi copiado no tomo, polo que tan só dispoñemos desta noticia sobre a adquisición da propiedade. En todo caso, non hai dúbida de que se trataba de Pascais, parroquia de Samos dedicada a Santa Alla.

En canto á propia igrexa parroquial de Santalla de Pascais, a finais do século XI, no documento do “voto de Santiago” denomínase, non por Pascais senón pola próxima aldea de Gontán (o documento indica que a “sancta Eolalia de Gontan” lle correspondía o pago dun lenzo) e, en efecto, a igrexa atópase illada nun lugar chamado Arroxo, entre ambos os núcleos, o de Pascais e o de Gontán. De feito, no inventario dos lenzos que Samos tiña dereito a recibir e que se debeu redactar no mesmo período, cara a finais do século XI, menciónase simplemente como “Sancta Eolalia” e diferenciábase entre dez pagadores “de Gontan” e outros catro que eran de “Pascasi”. Con todo, un século despois, na —xa varias veces citada— bula de Alexandre III de 1175 xa se menciona como a igrexa “Sancte Eolalie de Pascais”, posiblemente indicando a estabilización da parroquia. O mesmo sucede en 1195, cando se cita como “Sancte Eolalie de Pascaix”.

GOROLFE

No ano 964, Ermegildo “cognomento Menendus” fai unha permuta de terras co mosteiro de Samos, representado polo abade Novidio (TS 141). En concreto, cédelle a cuarta parte da vila de Gontán a cambio da metade doutra vila sita “in ripa Sarrie, subtus ecclesia sancti Christofori, ubi dicunt Berulfi”, a cal ao parecer fora dun tal Diego Bráulez, quen lla doou a Samos para a redención da súa alma. O lugar de Berulfi parece claro que se corresponde co actual Gorolfe, na mesma parroquia de Santalla de Pascais e moi preto do propio lugar de Gontán. É moi útil para a súa identificación o seguinte documento do cartulario (TS 142), datado no ano 1083, pois nel indícanse os límites da vila de Gontán, facilmente identificables con respecto aos topónimos actuais e, en concreto, entre “santa Eolalia” (actual igrexa de Santalla) e o lugar de Reiriz, sitúanse uns muíños de Gontán, así como precisamente o lugar de “Berolfi”. En efecto, na actualidade, seguindo o curso do río Sarria, desde a igrexa de Santalla ata o lugar de Reiriz, o único lugar de habitación que pasamos é o de Gorolfe.

Non parecen quedar restos desa suposta igrexa de San Cristovo baixo a cal se situaba “Berulfi” como dependencia da mesma, nin no Gorolfe actual nin na súa contorna, así como tampouco do haxiotopónimo. Con todo, hoxe en día no lugar mesmo de Gorolfe existe unha pequena capela dedicada a San Xumil que quizais herdase o lugar santo. Por outra banda, “Sancti Xristofori de Berulfi” volve aparecer na bula do papa Alexandre III de 1175, aínda que tamén é bastante plausible que algunha outra referencia en documentos do tomo a “sancto Christophoro de Villachana” (TS 246, de finais do século XI), ou a “S. Xristofori de Villa Plana” (TS 049, do ano 1195) se puidesen estar a referir á mesma igrexa, pois o lugar de Vilachá que mencionan, que pertence hoxe á parroquia de Santa Marta de Castroncán, se sitúa moi próximo a Gorolfe: escasos 300-400 metros separan Gorolfe de Vilachá de Arriba, mentres a pouco máis de 700 metros se atopa tamén Vilachá de Abaixo. Sabemos ademais que se trata sempre da mesma igrexa porque nese tipo de documentos con forma de listaxe de igrexas, esta sitúase sempre acompañada das súas veciñas e cando nun lugar denominan a de Vilachá desaparece a referencia a Gorolfe, e viceversa.

Anos máis tarde temos de novo citado o topónimo Gorolfe. No xa mencionado inventario do abade Pedro [II] Fróilaz de Samos de 1125 (TS 54) rexistrábase a adquisición de varias porcións da igrexa de Santa María de Belante, en

terras do Páramo. Entre elas, estaba a metade que pertencía a Sueiro Gatónez, quen parecía tela de parte paterna, e que o abade conseguiu posteriormente por medio dunha permuta de bens, outorgándolle a Sueiro outra igrexa ou outra propiedade (só se di “*accepit alia*”), dentro do couto de Samos, chamada “Berolfi”. A permuta supostamente tería lugar na era MC^a, ergo, en 1062, pero esta datación é imposible para a prelatura de Pedro II (1100-1130). Lamentablemente, o diploma que a rexistraba non foi copiado no tomo, polo que tan só dispoñemos desa noticia. Talvez o copista cometese algún tipo de erro ao copiar a data do documento orixinal no cartulario, quizais omitindo algún numeral ilexible, ou talvez a adquisición tivese só efecto *post mortem* e puidese ser realizada en 1062 e só integrada a propiedade en tempos do abade Pedro. Imposible sabelo, aínda que é certo que esa datación na era de MC é relativamente frecuente ao longo da escritura, datándose así moitas outras adquisicións de bens. En canto a dita posesión da que se desprendía o mosteiro, que como vemos nin sequera sabemos con seguridade se era outra igrexa ou outro tipo de ben inmobiliario, nin sabemos como chegara a mans dos monxes de Samos. Tampouco é de estrañar esta ausencia de información, pois é evidente que carecía de utilidade almacenar e copiar a escritura dun ben que xa non formaba parte do patrimonio monástico. Parécenos máis lóxico pensar que a propiedade alleada fose algún tipo de terra ou de explotación, máis que o feito de que Samos se desprendese dunha igrexa do seu propio couto.

REIRIZ

En 1029, unha muller chamada Eileuva fixo doazón a favor do mosteiro de Samos e do abade Diego da súa “vila” propia situada en Reiriz, a cal ela mesma xunto ao seu marido Vilifredo lle comprara tempo atrás ao propio cenobio (TS 227). Doábaa para remedio da súa alma, da do seu marido e da do seu fillo, Alvito, ao non deixar descendencia, polo que entendemos que tanto Alvito como Vilifredo faleceran xa (de feito, Eileuva califícase de “*ancilla Christi*”). Eileuva, ademais, indicaba que a vila en cuestión pertencera ao confeso Guntiño, quen lla doou a Samos, para despois ela e o seu esposo comprarlla aos monxes. Desde a súa adquisición, este matrimonio traballou o devandito casal de Reiriz, facendo ademais casas, edificacións e prensas e adquirindo para el outros bens. Todo

iso éralle agora outorgado a Samos, engadindo tamén outras catro porcións de terra en zonas próximas. Unha destas “terrae” atopábase nun lugar chamado “Fogacos”, que estaba sobre a mesma Reiriz e que supoñía unha sementeira de seis *cuartarios*. Non puidemos localizar este topónimo na zona, aínda que parece obvio que se atopaba próximo a Reiriz mesmo.

Unhas tres décadas máis tarde vólvese mencionar Reiriz na xenerosa doazón testamentaria do abade don Diego de Samos a favor do seu cenobio (TS 15), elaborada supoñemos cara a finais da súa prelatura (ao redor do ano 1060), pois a escritura carece de datación. Concretamente fala da vila “in Rairici” do monxe Cristovo, a quen don Diego dicía que lla comprara a cambio dun cabalo.

Doutra banda, é preciso anotar aquí outra referencia no xa mencionado previamente inventario de *lenzarios* de finais do século XI. Concretamente indícase que entre os *lenzarios*, é dicir, entre os individuos inventariados que debían pagar unha renda anual en lenzos (“tributa lenzalia”) ao mosteiro de Samos, contábanse dous, chamados Onorico e Teiro, que eran habitantes “de Cabanas”. Este Cabanas é un núcleo que hoxe non parece conservarse, pero que aínda permanece na toponimia menor, dando nome a unhas terras situadas ao sur de Reiriz, entre Santo Estevo e Vilachá (no monte de Xabaris), nos límites entre as freguesías de Reiriz e de Teibilide, facendo referencia etimolóxica sen dúbida á existencia pasada dunhas chozas ou construcións rústicas. A situación coincide bastante ben coa secuencia seguida no inventario, que xusto antes rexistraba os *lenzarios* de Roxofrei e despois os de Gontán e Vilachá, polo que parece que este é o Cabanas que buscamos, o cal posiblemente dependía da parroquial de Reiriz.

Máis complexo pero interesante resulta o rastrexo das referencias á actual igrexa parroquial de Santo Estevo de Reiriz. O Tombo de Samos conserva un documento do ano 902 no que un arcepreste chamado Teudenando solicita e obtén do rei Afonso III a confirmación dos bens dunha igrexa da súa propiedade dedicada a Santo Estevo e San Martiño (“sancto Stephano levite et martiri primo et sancto Martino episcopo”) que fundara un antepasado seu chamado Éxila, nunha vila que levaba o nome do seu fillo Ádila, e todo iso en época do rei Froila, é dicir, entre 757 e 768 (TS 33). Este documento foi recentemente obxecto dun brillante estudo por parte de James D’Emilio (2015), no cal se presentan e discuten numerosos e interesantes datos sobre as referencias culturais e a organización monástica na Galicia de inicios do século x. En todo caso, desde que García Álvarez analizou este documento (1965) esta igrexa tradicionalmente

identificouse como a de Santo Estevo de Calvor, fundada en 785 por un presbítero chamado Ádila, dada a coincidencia de advocacións. Esta opinión é a que tamén segue J. D'Emilio no seu estudo.

Porén, consideramos que non se trata da igrexa de Santo Estevo de Calvor, senón precisamente de Santo Estevo de Reiriz, por varias razóns. Primeiro, porque a dedicatoria completa do templo de Calvor, segundo o documento de 785 é a santo Estevo, san Xoán o Bautista, san Pedro e san Paulo, mentres que, como vimos, no documento de Teudenando especificase que a súa igrexa está dedicada a santo Estevo e san Martiño. Aínda que as advocacións non son inmutables, é certo que no caso galego tenden a manterse e trátase sen dúbida dunha diferenza significativa. En segundo lugar, porque no documento de Teudenando indícase que esta igrexa foi construída na “villa domni Adilani”, que sen dúbida debe corresponder co lugar de Aián, precisamente moi preto de Santo Estevo de Reiriz e, en cambio, bastante máis distante de Calvor. En terceiro lugar, porque no texto de Teudenando do 902 non se menciona ningunha das referencias espaciais do documento de Calvor: nin o castro Astorica, nin o territorio de “Montis Serii” (San Miguel de Monseiro, preto de Calvor) —senón precisamente o “territorio sariense”—, nin todas as propiedades que o fundador deu á súa igrexa de Calvor. Por último, entender este documento de Teudenando como referente a unha igrexa distinta á de Calvor resolve a contradición que a miúdo se ten posto de manifesto entre os dous documentos, con respecto ao fundador de Calvor, xa que o de Teudenando fala de Éxila, mentres que o de Calvor se refire ao seu fillo Ádila, quen precisamente deixou pegada toponímica na actual aldea de Aián, moi cerca de Reiriz.

Aínda que non é obxectivo deste traballo seguir profundando nestes dous documentos, non podemos deixar de mencionar que se a nosa interpretación é correcta, estaríamos ante polo menos tres igrexas con orixes na segunda metade do século VIII neste pequeno tramo do río Sarria: Reiriz, Calvor e o propio Samos —que supostamente sería refundado tamén en tempos do rei Froila por Sarra e Arxerico (López Alsina 1993; Arias 1992)—. Nos tres casos, ademais, trataríase de templos supostamente fundados ou restaurados por elites cristiás vindas de Al-Ándalus. Aínda que pode haber sospeitas sobre as invencións ou interpolacións posteriores con respecto a estas orixes mozárabes e fundacións en época tan temperá da monarquía ástur, parécenos interesante subliñar polo menos a importancia que a inicios do século X se lle outorgaba a estes

precedentes, e é probable, como indica D’Emilio, que esteamos antes momentos de inestabilidade e competencia co mosteiro de Samos (precisamente Afonso III é o único monarca que non realiza doazóns a Samos; D’Emilio 2015). Outra das conclusións, de máis interese para o tema que aquí tratamos, é que estaríamos ante un dos poucos casos en que podemos documentar e datar con precisión o momento en que aparece e se fixa un topónimo derivado dun antropónimo xermánico: Aián, que viría de “vila Adilani”, unha persoa polo que vemos da elite local desta zona que viviu na segunda metade do século VIII.

Volvendo á nosa igrexa de Santo Estevo de Reiriz, máis adiante volvemos atopar outras moi probables referencias á mesma, aínda que tampouco se denomina de Reiriz senón “de Cerasolis/Cerderolis”, como explicaremos máis adiante. A primeira destas mencións é no famoso documento do “voto de Santiago” de finais do século XII, no que se indica que a “sancto Stephano de Cerasolis” lle correspondía o pago dun lenzo. Tempo despois, a mesma igrexa era citada no inventario do abade Pedro [II] Fróilaz datado no ano 1125. Non o facía como unha desas adquisicións, senón para contextualizar a obtención doutro ben, pois entre os bens situados dentro do couto de Samos rexistrábase a metade dunha vila, situada “in Froilanes”, é dicir, en San Miguel de Frollais (Samos), que o abade dicía que fora pagada por un individuo chamado Munio Afonso, en razón de que ferira ou matara (“furavit”) un cabalo pertencente, precisamente, a Santo Estevo “de Cerderolis”. Unha terceira mención ten lugar de novo na bula papal do ano 1175 na que se citaba Santo Estevo de “Cerderolis”. E a última mención aparece no preito co bispado de Lugo de 1195, no que se cita a igrexa de Santo Estevo de “Cerdeiroas” dentro da xurisdición de Samos.

A análise e estudo cruzado dos documentos citados permítenos identificar con gran probabilidade esta igrexa de “Sancto Stephano de Cerasolis” coa de Santo Estevo de Reiriz. O primeiro que acabamos de ver é que se localizaba dentro da xurisdición eclesiástica do mosteiro, ou que se situaba nas proximidades de Samos ao redor do seu couto xurisdiccional. O segundo feito destacable é a asociación de lugares cos que aparece mencionada en todas as escrituras anteriores, as cales ademais foron redactadas cun sentido ou ordenación xeográficos, a saber: é mencionada sempre nas proximidades de Frollais, de Gorolfe-Vilachá, de Castroncán, de Lier e de San Xulián de “Villa Iusti”. Ata no caso do ataque do cabalo, o individuo que danou ao animal era de Frollais (ou polo menos tiña bens alí). Todos eses lugares son perfectamente identificables a excepción do

último dos citados, como parroquias actuais ou como lugares hoxe integrados noutras freguesías (caso de Vilachá-Gorolfe, hoxe pertencente a Pascais) e todos situados no extremo noroeste do concello de Samos ou xa pertencendo ao de Sarria pero limitando xustamente nesa mesma zona (caso de Lier). Chegados a este punto, cabe indicar que, curiosamente, de todas as parroquias desa contorna, só dúas non aparecen na documentación de Samos: trátase de Santo Estevo de Reiriz e de San Xulián de Teibilide. Ao mesmo tempo, e coincidentemente, temos dúas referencias eclesiásticas sen identificación que parecen situables exactamente na mesma zona e que portan xustamente as dúas mesmas advocacións, como é o caso de Cerdeiroas e de Vilaxuste. En base a iso, parece bastante clara a correspondencia e pensar que santo Estevo de Cerdeiroas se identifica con Santo Estevo de Reiriz, e que San Xulián de Teibilide debe corresponderse coa antiga “Sancti Iuliani de Villa Iusti”. Talvez o cambio de denominación viñese dado polo costume, xa que a pesar de que as igrexas recibían esas identificacións particulares, os topónimos de Reiriz e Teibilide tamén existían xa pola mesma época, o que puido facer innecesaria a duplicidade ou polo menos contribuír á súa desaparición, ao identificar polo mesmo topónimo tanto o núcleo de poboación coma a igrexa (se cadra sita mesmo nun núcleo anexo, pois así se mostran ambas aínda hoxe).

SIVIL

No ano 978, Ermegildo (“cognomento Menendus Roderici”) e a súa muller Eldonza realizaron unha importante doazón de todos os seus bens, mobles e inmobles (incluíndo tamén individuos sen liberdade xurídica: “servos et ancillas” / “mancipios”), a favor do mosteiro de Samos, en razón de que non tiveran fillos que herdasen os seus bens (TS 132). Entre as múltiples “villae” que entregaban atopábase, en segundo lugar, a “vila de Severi et ecclesia sancte Marine que fuit de avo nostro domno Ariano et fuit fundata in nostra hereditate et de nostris hominibus propriis”. Parece, por tanto, que esta “vila” era de orixe familiar/hereditaria e que a igrexa nela construída era de fundación relativamente recente. Os fundadores foron “homes propios” dos doantes, é dicir, todo apunta a que eran membros de status servil, non-libres.

A identificación que parece máis acertada para situar esta igrexa é o lugar actual de Sivil, pertencente á parroquia de Estraxiz e moi próximo ao cenobio de Barxa. De feito, nos inventarios efectuados no século XII, nos anos 1175 e 1195 (TS 053 e 049, respectivamente), esta igrexa mencionábase efectivamente como pertencente a Samos, baixo o topónimo “Sevir” e “Sevil”, variacións que xustifican aínda máis que apuntemos á aldea de Sivil. Pero ademais, en ambos os documentos, que seguen unha orde de proximidade xeográfica ao listar as diferentes igrexas de Samos, a de Santa Mariña de Sivil atópase sempre na contorna de Calvor, Lier e Barxa. Parece claro, por tanto, que Sivil é a localización que buscamos. Hoxe non parecen quedar restos do templo, aínda que o lugar que ocupou a igrexa de Santa Mariña habería de estar moi próximo e sería por tanto unha interesante zona para unha prospección arqueolóxica.

CONCLUSIÓNS

Neste breve percorrido puidemos constatar o alto grao de mantemento e estabilidade dos topónimos desta zona do Camiño Francés de Santiago ao seu paso polo concello de Samos, aínda que tamén constatamos algúns cambios e desaparicións (tanto de nomes de lugar como de antigas igrexas). Nalgún caso puidemos mesmo constatar a orixe dalgún topónimo (Aían, ao redor de metade do século VIII) e o momento de fundación de varias igrexas (Santo Estevo de Reiriz e Santo Estevo de Calvor, ao redor de segunda metade do século VIII e Santiago de Renche polo menos desde o século X), que continúan funcionando hoxe en día como cabeceiras parroquiais. Finalmente, puidemos comprobar como, a partir de finais do século X, progresivamente, as distintas localidades nesta contorna inmediata do mosteiro de Samos van caendo baixo o seu control mediante diversas estratexias, destacando especialmente a escritura de doazón.

Estes resultados foron posibles grazas á análise cruzada dos topónimos actuais cos documentos alto e plenomedievais. Trátase dun método de traballo interesante en todos lados, pero especialmente potente no caso de Galicia, onde, como xa sinalamos, se constata de maneira moi salientable esa alta taxa de estabilidade e mantemento da toponimia desde época altomedieval.

BIBLIOGRAFÍA

- Arias, Maximino (1992). *Historia del Monasterio de San Julián de Samos*. Samos.
- D'Emilio, James (2015). The Charter of Theodenandus. Writing, Ecclesiastical Culture, and Monastic Reform in Tenth-Century Galicia. En: James D'Emilio, ed. *Culture and Society in Medieval Galicia*. Leiden: Brill, 281-342.
- Díaz Fuentes, Antonio (1998). *Toponimia de la comarca de Sarria*. Lugo: Deputación de Lugo.
- García Álvarez, Manuel Rubén (1965). Los libros en la documentación gallega de la alta Edad Media. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. 20, 292-329.
- López Alsina, Fernando (1993). Millas *in giro ecclesie*: el ejemplo del monasterio de San Julián de Samos. *Estudios Medievais*. 10, 159-187.
- López Alsina, Fernando (2013). *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago.
- López Salas, Estefanía (2017). El papel del clero regular en la ordenación del paisaje. El caso del monasterio de San Julián de Samos. *Hispania Sacra*. 69 (139), 19-29.
- Lucas Álvarez, Manuel (1986). *El tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia.
- Pallares Méndez, María del Carmen e Portela Silva, Ermelindo (1998). La villa por dentro. Testimonios galaicos de los siglos X y XI. *Studia historica. Historia medieval*. 16, 3-43.